

# ACTA

<b>Expediente núm.</b>	<b>Órgano Colexiado</b>
PLN/2026/2	O Pleno

## DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

**Tipo Convocatoria:**

Ordinaria

**Data:**

29 de xaneiro de 2026

**Duración:**

Desde las 19:30 hasta las 20:53

**Lugar:**

Salón de Plenos

**Presidida por:**

SECUNDINO GARCÍA CASAL

**Secretario:**

Olalla Alvarez de Neyra Martinez

## ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
—	Araceli Bellas Castro	SÍ
—	Jose Manuel Martínez Pérez	SÍ
—	José Luis Hermida Prieto	SÍ
—	Juan Alberto Rivera Franco	SÍ
—	Manuel Beceiro Couce	SÍ
—	Manuel Varela Mecías	SÍ
—	María Belén Trigo Meizoso	SÍ
—	María Carmen Muíño Filgueira	SÍ
—	María Esther Díaz Vergara	SÍ
—	Raquel Piñeiro López	SÍ



—	SECUNDINO GARCÍA CASAL	SÍ
---	------------------------	----

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

### A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 8, En contra: 0, Abstencións: 3, Ausentes: 0

#### Resolución:

Póñense a disposición dos Sres. Concelleiros as actas da sesión ordinaria de 27 de novembro de 2025 e sesión extraordinaria de 12 de xaneiro.

Dona Belén Trigo, voceira do grupo municipal do PP, sinala que non teñen observacións sobre a acta da sesión ordinaria de novembro pero sí se lles plantexan dúbidas sobre a acta de 12 de xaneiro, xa que observan que na acta facilitada na documentación figura como Secretaria e asina dona Olalla Alvarez de Neyra Martinez, cando a persoa que actuou como tal foi dona Eiravedra Alba Filgueira Caneiro, e non atopan nomeamento nin referencia na acta desta substitución.

Dona Olalla Alvarez de Neyra, Secretaria-Interventora, explica que, efectivamente, tratouse dunha situación extraordinaria en que non puido acudir á dita sesión, polo que a substitución foi automática na persoa da administrativa, dona Eiravedra Alba Filgueira. Debido a que se tratou dunha situación imprevista, celebrouse a sesión e a traballadora formulou e asinou a acta da sesión pero non utilizou o circuito de procesamento de actas plenarias da aplicación informática, polo que a acta foi asinada como un documento máis sen selarse como acta de pleno, elevarse ao libro de actas e publicarse na transparencia.

Esta cuestión non podía ser revertida pola usuaria xa que a súa substitución finaliza no momento de xeración e sinatura da acta, pero sí pola usuaria titular da Secretaría, motivo polo que se emitiu novamente a acta, literalmente igual no seu contido, para poder activar o circuito de procesamento e que a dita acta figurase efectivamente no libro de actas, e esa foi a copia que se facilitou aos Sres. Concelleiros.

Dona Belén Trigo manifesta que albergan dúbidas sobre a dita acta, polo que solicitan lles sexa remitida a acta asinada por dona Eiravedra Alba Filgueira.

Dona Olalla Alvarez de Neyra, Secretaria-Interventora, comprométese a remitir aos Sres. Concelleiros a acta asinada pola secretaria accidental e a asinada por ela para que poidan comprobar a identidade do texto.



Sometido a votación o asunto da orde do día, apróbanse as actas das sesións ordinaria de 27 de novembro de 2025 e extraordinaria de 12 de xaneiro de 2026 por 8 votos a favor dos grupos municipais do BNG e PSOE e 3 abstencións do grupo municipal do PP.

**Expediente 739/2025. Declaración de especial interese parcelas agrícolas a efecto de bonificación IBI**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

**Feitos e fundamentos de dereito:**

Vista a proposta de resolución PR/2026/9 de 21 de xaneiro de 2026.

**Resolución:**

En relación co expediente núm. 739/2025 relativo ao recoñecemento de bonificación do Imposto sobre Bens Inmóbles, emito o seguinte informe-proposta, de conformidade co establecido no artigo 172 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, en concordancia co artigo 5.2 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, con base nos seguintes

**ANTECEDENTES DE FEITO**

Documento Data/Núm.

Solicitud do interesado 26/11/2024 12:53 /2024-E-RE-1168

Informe dos Servizos Técnicos 13/01/2026

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

A Lexislación aplicable vén establecida por:

— Os artigos 12, 14 e 60 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

— O artigo 108 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

— Ordenanza Fiscal nº I-1, reguladora do Imposto sobre bens inmóbles.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida, procedendo a súa aprobación polo Pleno desta Entidade, de conformidade co previsto no artigo 74.2 quáter do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2 /2004, de 5 de marzo; ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, **ACORDA:**



**PRIMEIRO.** Declarar os inmobles con referencia catastral 15077A503002000000YU e 15077A503002010000YH de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias específicas de fomento do emprego, especialmente feminino e de colectivos vulnerables, na actividade agraria que nelas se desenvolve por parte de Viveiros Florgalicia, explotación agrícola que pertence a dona Silvia Verónica Caffaro Napoli, titular das parcelas e solicitante.

**SEGUNDO.** Recoñecer a NOME APELIDO APELIDO a bonificación do 95% da cota íntegra do Imposto sobre Bens Inmobles correspondente ás fincas indicadas, así como do 50% da cota íntegra do Imposto sobre Bens Inmobles correspondente ás construcións existentes nas mesmas, no seu caso, por entender debidamente xustificada a causa do beneficio, en virtude do disposto na Ordenanza fiscal Ordenanza Fiscal nº I-1, reguladora do Imposto sobre bens inmobles aprobada por esta Entidade en data 18/10/2000 e publicada no Boletín Oficial da Provincia, amparada no artigo 74. 2 quáter do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2 /2004, de 5 de marzo.

**TERCEIRO.** Notificar esta Resolución ao interesado, con indicación dos recursos que procedan, facéndolle saber que a efectividade da presente bonificación terá lugar no exercicio seguinte ao da presentación da solicitude, e advertíndolle de que deberá comunicar ao Concello calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación do beneficio fiscal no momento da súa produción.

<b>Expediente 756/2025. POS+ 2026</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento

#### Feitos e fundamentos de dereito:

Vista a proposta de resolución PR/2026/19 de 21 de xaneiro de 2026.

Intervén dona María Muiño, voceira do grupo municipal do BNG, quen sinala que da conta da proposta para os proxectos vinculados ao POS+ 2026, indicando que recentemente foi aprobado o POS denominado social, e que teñen vías diferentes de tramitación.

Indica que o POS+ 2026, importa 568.828,26€ na súa totalidade, en achega do 2025 e achega do 2026, e que dese total destinaranse 399.852,74€ a gasto corrente e 168.978,52€ a investimentos segundo se indica.

Engade que, a maiores, inclúense investimentos no denominado POS complementario, que son proxectos que se anticipa a súa aprobación para que, no caso de que existan próximas achegas, como ven sendo habitual nos últimos anos, este trámite se atope xa realizado para poder incluílas en futuros plans.

Don Juan Alberto Rivera, do PSOE, sinala que a súa formación está sempre a favor de solicitar subvencións que redunden na mellora dos servizos que se prestan polo Concello.

Dona Belén Trigo, voceira do grupo municipal do PP, indica que o seu grupo está a favor de amañar pistas porque consideran que hai algunhas que lle fai molta falla. Indica que na Comisión Informativa plantexouse unha dúbida acerca dunha obra xa licitada sobre un camiño en Santa Mariña e o feito de que nesta solicitude figurase tamén ese camiño, respostándosele polo concelleiro de obras que se



trataba de tramos diferentes. Indica que, segundo observan, non se fan pistas enteiras senón tramos das mesmas, e consideran que a publicidade que se fai nas redes sobre camiños debería facerse sobre tramos de camiños. Anuncia, non obstante, o seu voto a favor.

Don Secundino García, Alcalde, intervéñ sinalando que os plans de investimento da Deputación son plans para proxectos de investimento, e que debe terse claro que o bacheo ou reparación non é un investimento e por tanto non entraría no gasto subvencionable. Sinala que, por exemplo, unha pista de dous quilómetros pode ter mal só 500 metros, e o lóxico é refacer e investir neses metros, xa que o bacheo da pista non se consideraría investimento. Contesta tamén que cando se informa nas redes se indica sempre qué tramo de camiño se fai refacer e de qué lonxitude.

### Resolución:

#### ANTECEDENTES

1.- No BOP nº231 do 02/12/2025 publicáronse as bases do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2026”.

2.- Consonte o indicado nas bases, é preciso que o Pleno aprobe as actuacións que se van financiar ao abeiro do programa.

Sometido a votación o asunto da orde do día, ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, ACORDA:

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2026” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á “achega provincial 2026” e con cargo á ”achega provincial 2025”:

A ) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2026:

	Deputación
Achega provincial 2026 aplicada ao financiamento de gastos correntes	276.049,01 €
Achega provincial 2025 aplicada ao financiamento de gastos correntes	123.803,73 €
Subtotal gasto corrente	399.852,74 €

B ) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2026	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO			Orzamento total
	Deputación	Concello		
Denominación da obra ou da subministración		Achega	IVE soportado deducible (só cando sexa	Total



		municipal	deducible nos abastecem. auga potable)	Concello	
Subtotal investimentos achega provincial 2026					

ACHEGA PROVINCIAL 2025 (Investimentos sostibles)		FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO			
Denominación da obra ou da subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Pavimentación e mellora dos camiños de A Fontela – O Eirexado e Piñeiros de Arriba	70.305,56 €				70.305,56 €
Pavimentación dos camiños de Os Miguelares (Igrexafeita) e Ramil (Lamas)	54.334,92 €				54.334,92 €
Pavimentación dos camiños de Silvalonga, Piñeiros (San Sadurniño, O Couto e Penacastrolo (Lamas)	44.335,04 €				44.335,04 €
Subtotal investimentos achega provincial 2025	168.975,52 €				168.975,52 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Resumo:

		Concello				
POS+ 2026 RESUMO DE FINANCIAMENTO	Deputación	Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)		Total concello	Orzamento Total
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2026	276.049,01 €				276.049,01 €
	Achega 2025	123.803,73 €				123.803,73 €



		€			
B- INVESTIM ENTOS	Acheg a 2026				
	Acheg a 2025	168.9 75,52 €			168.97 5,52 €
C- TOTAL	Acheg a 2026	399.8 52,74 €			399.85 2,74 €
	Acheg a 2025	168.9 75,52 €			168.97 5,52 €
	TOTA L	568.8 38,26 €			568.83 8,26 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2026 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% da achega provincial 2026)	(A) Orzamen to de c ontrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible) © = A-B	Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)
Pavimentación do camiño de Os Miguelares – O Castro (Igrexafeita)	32.103,30 €		32.103,30 €
Pavimentación do camiño de Os Miguelares – Os Gaiteros – Carrío (Igrexafeita)	34.193,22 €		34.193,22 €
Pavimentación do camiño de O Xestal – As Filgueiras (Ferreira)	34.022,62 €		34.022,62 €
Pavimentación dos camiños de Fontao, O Piñeiro (Naraío) e Moimentos (Santa Mariña)	46.719,60 €		46.719,60 €
Pavimentación dos camiños de A Esperanza e A Castiñeira (Santa Mariña)	53.063,95 €		53.063,95 €
TOTAIS	200.102,69 €		200.102,69 €



- 3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.
- 4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos no POS+2026 Base, se a houbera, procedentes dos propios recursos presupostarios ordinarios do concello ou de ingresos procedentes de operacións de crédito con entidades financeiras.
- 5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.
- 6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.
- 7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

<b>Expediente 8/2026. Rúa Rosalía de Castro</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento

#### Feitos e fundamentos de dereito:

Vista a proposta de resolución PR/2026/18 de 21 de xaneiro de 2026.

Intervén dona María Muiño, voceira do grupo municipal do BNG, quen indica que actualmente existe unha única vía denominada de xeito xenérico coa letra “C”, que vai paralela ao CPI e ao Pavillón e a proposta é, ás portas do mes de febreiro, que é o seu mes, nomear dita vía como de Rosalía de Castro.

Indica que recentemente se nomearon outros puntos de San Sadurniño e se considera que nesta ocasión é oportuno adicarillo a unha muller, e sendo así, sen entrar en grandes dialécticas porque non é necesario para coñecer a dimensión e importancia da figura, escóllese a unha das grandes referencias galegas como é Rosalía.

Don Juan Alberto Rivera, do PSOE, sinala que efectivamente trátase dunha persoaxe que conta con méritos de sobra coñecidos, pero plantexa, como sinalou na Comisión Informativa, a posibilidade de que se plantexe utilizar algunha persoa vinculada especificamente a San Sadurniño. Propón, por exemplo, que se poida consultar ao alumnado escolar, que podería ser unha aportación interesante.



Dona Belén Trigo, do grupo municipal do PP, sinala que o asunto foi tratado na Comisión Informativa e indica que tamén considera que se podería mirar entre os persoaxes de San Sadurniño cando se nomee un espazo público, considerando axeitada a proposta realizada polo grupo do PSOE.

Don Secundino García, Alcalde, manifesta que en San Sadurniño non hai moitos espazos con necesidade de poñer nome, que cando se relacionaron os camiños optouse por darlles o nome do topónimo ou microtopónimo correspondente a donde se atopaban, e que normalmente en Concellos máis grandes existe incluso unha ordenanza que regula este tipo de cousas, pero a fisonomía propia de San Sadurniño fai que non existan prazas ou rúas que carezan de nome. Indica que, ademáis, debe diferenciarse entre o que ven sendo un recoñecemento ou unha homenaxe a unha persoa en particular e poñer nome a un espazo público, xa que isto último ten unha vocación de permanencia e futuro e por iso normalmente acúdese a persoas non vivas, para evitar dar permanencia ao que pode ser unha cuestión momentánea ou puntual, acudíndose deste xeito a un persoaxe de indubitada pegada cultural. Non obstante, indica que no caso de que se observe a necesidade de dotar de nome a un novo espazo, buscarase o consenso e faranse as consultas necesarias.

### Resolución:

Visto que no rúeiro do municipio de San Sadurniño existe unha vía denominada de xeito xenérico “C”, que comunica a Rúa Castelao coa Avenida Marqués de Figueroa, en dobre sentido, pasando pola beira do CPI de San Sadurniño e o Pavillón Municipal,

Considerando que sería necesario establecer unha denominación de goberno para dito espazo, este Concello dispense aprobar o nomeamento oficial da vía pública como “Rúa de Rosalía de Castro”

Á vista dos seguintes antecedentes:

Documento	Data/Núm.	Observacións
Informe de Secretaría	21/01/2026	
Memoria de Alcaldía	21/01/2026	

Realizada a tramitación legalmente establecida, ditaminado o asunto da orde do día favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, adopta o seguinte

### ACORDO

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente a proposta de denominación da vía pública descrita na memoria de alcaldía polos motivos que nela se indican como “Rúa de Rosalía de Castro”.

En concreto, trátase da vía pública que, actualmente en dobre sentido, traza o seu discorrer entre o entronque coa Avenida Marqués de Figueroa ata a rotonda que a une coa Rúa de Castelao, sendo que na mesma atópase un acceso secundario ao centro escolar e deportivo e principal a diversas propiedades privadas que non contan con construción. A superficie lineal é de, aproximadamente, 133 metros.



**SEGUNDO** Abrir un período de información pública por prazo de 20 días, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica deste Concello [<http://sansadurnino.sedelectronica.gal>] e no Taboleiro de anuncios.

**TERCEIRO.** Elevar este Acordo a definitivo se non se presentan alegacións no trámite de audiencia e información públicas.

**CUARTO.** Notificar o cambio de denominación ás Administracións interesadas e ás Entidades, empresas e Organismos afectados. En concreto, realizarase unha notificación específica a organismos como Correos, Catastro ou INE, e procederase á determinación do número de goberno dos citados edificios e se comunicará individualmente aos propietarios, emitindo particularmente os certificados ou documentos acreditativos de dita modificación para os trámites, públicos ou privados, que os poidan requirir.

**Documentos anexos:**

- Anexo 1. Memoria de alcaldía

<b>Moción para a defensa e recuperación da Sanidade Pública Galega</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 8, En contra: 0, Abstencións: 3, Ausentes: 0

**Resolución:**

Por dona María Muiño, voceira do grupo municipal do BNG, preséntase a Moción para a defensa e recuperación da Sanidade Pública Galega, indicando que se trae desgraciadamente outra vez unha moción que sinala o sistema de emerxencia cáseque dramática da Sanidade.

Indica que existe unha mobilización para o vindeiro domingo por parte da cidadanía para reclamar unha sanidade pública de calidade e con recursos suficientes.

Da lectura da moción que se adxunta á presente acta.

Don Juan Alberto Rivera, do PSOE, intervén sinalando que a súa formación defende sempre os servizos públicos de calidade, sendo a sanidade un pilar do estado de benestar e que debe ser especificamente defendido. Indica que si ben a moción fai referencia especialmente aos recursos humanos, considera que os espazos onde se leva a cabo a atención sanitaria tamén son importantes, e que recentemente veuse na prensa que entrou auga no centro de saúde de San Sadurniño e pide que se preste atención a que, unha vez pasen as actuais inclemencias, sexan arranxadas as deficiencias.

Dona Belén Trigo, voceira do grupo municipal do PP, sinala que na súa opinión continúaase na liña do tempo e palabras de SOS Sanidade Pública. Sinala que o seu grupo sempre afirmou que considera que a sanidade debe mellorar e indica que quere que conste en acta esta afirmación, pero iso non significa que poidan acoller que o sistema é precario porque non é así. Sinala que, desgraciadamente, é usuaria habitual do Centro de Saúde e que pode afirmar que o sistema non é precario, e que cando hai unha baixa hai un substituto, que a ela persoalmente lle coincidiu algunha vez. Indica tamén que non é certa a afirmación de que a Xunta baixe os fondos para Sanidade, xa que nos Orzamentos da Xunta

augmentouse o gasto nun 5,1%, indicando que a Xunta ten orzamentos para 2026 pero que o Concello de San Sadurniño non. O Sr. Alcalde indica que sí hai orzamentos 2026 no Concello. Dona Belén Trigo indica que son prorrogados.

Continúa sinalando que non se pode afirmar que haxa unha baixa de financiación porque os orzamentos indican unha suba. Manifesta que a sanidade é mellorable, que está de acordo en pedir máis recursos, máis investimentos, pero que tamén é certo que observan certo clima preelectoral que fai que se volva sobre os temas de sanidade, educación e transporte. Anuncia que se absterán porque consideran que a realidade non é a que se relata na moción, aínda que sí están de acordo en que debe mellorar.

Dona María Muiño considera que o que sí é unha desgraza é que teña que repetirse unha e outra vez este tema. Afirma que a saúde é un dereito universal e que é un feito obxectivo que cada vez é máis precario. Indica que o lamento continuo dos que gobernan é que a situación é a que é porque non hai médicos, e que isto tamén é un feito obxectivo, pero estima que quen goberna é quen ten que prever e planificar, por exemplo, a cobertura das xubilacións que van ter lugar. Sinala que prever baixar o gasto e non prever unha taxa de reposición, tamén é unha forma de planificar. Considera que o fundamental é ver a onde vai destinado o gasto, o diñeiro, xa que existe unha importante derivación de probas e servizos a centros privados. Plantexa que hai persoal como o de enfermería que está cunha dispoñibilidade total, co pixama no coche, esperando a que a chamen porque así é a realidade, e aceptando os traballos para poder xenerar experiencia e acadar algún día a praza, pero que actualmente hai mellores condicións fora ou na privada, e iso precariza a Sanidade Pública. Afirma que non se cubren as vacacións, senón que se incentiva que uns profesionais asuman a falta doutros, vestindo un centro mentres se desviste outro, e dándose a situación de que non haxa médico nunha consulta porque está noutra doutro centro, ou que un profesional estea atendendo o seu traballo e cubrindo o de outro que está de vacacións, implicando cambios de cita de mañá a tarde para que o médico poida atender un centro pola mañá e outro pola tarde, e sinala que esta circunstancia déuselle a ela persoalmente. Indica que este sistema ademais penaliza especialmente a lugares ruralizados, en que existe poboación dispersa e con necesidade de que sexa o facultativo o que se desprace ao seu fogar. En conclusión, indica que a situación é lamentable, e nomea tamén a situación de lista de espera para especialistas, probas, intervencións... e especialmente no que se refire a saúde mental. Plantexa o caso de pediatría, indicando que cando un pediatra atende a axenda de varios isto implica acumulación e retrasos, e que recentemente púxose un substituto porque non había pediatra nin en San Sadurniño nin nos concellos de aoredor pero que moitas veces estaba un só para atender varios puntos. Finalmente indica que no se trata dun discurso electoralista, senón da realidade.

Don Secundino García, alcalde, intervén sinalando que está convencido de que os concelleiros do PP están de acordo co 90% da moción, así como seguramente os seus votantes, e que igual que eles perciben o deterioro ano a ano da Sanidade Pública. Indica que basta con pedir cita ao médico de cabeceira, que hai pouco era unha cuestión que se obtiña no día e agora é imposible, e que isto era impensable antes. Sinala que a afirmación realizada pola concelleira de que o gasto en Sanidade subiu un 5,1% é erróneo xa que na propia información orzamentaria da Xunta de Galicia figura un 3,9%, pero en todo caso matiza que o importante é ver o desglose dese gasto, pois indica que se por exemplo se constrúe un hospital, isto eleva moitísimo o gasto, pero non implica un maior investimento en médicos ou que haxa máis. Sinala que quen verdadeiramente aumenta a súa conta de resultados son os grupos privados, e que é aí onde se destinan os recursos da xente, xa que a sanidade é un nicho de



negocio importante, sobre todo porque quen está fastidiado busca onde sexa e ao custo que sexa mellorar, pero na sanidade pública só se observa que a situación está dexenerando. Sinala que a Xunta vai escasa de cartos porque, entre outras cousas, renunciou á quita da débeda por orde de Madrid, e os millóns que podían ir a mellorar a sanidade, a educación e outros servizos de atención ás persoas estanse adicando a pagar á banca, uns catrocentos millóns de euros ao ano. Reflexiona que as Comunidades Autónomas son as que prestan os servizos máis directos e esenciais ás persoas, non o Estado, e que ante a alternativa sería mellor que o diñeiro se faltase ao Estado que á Comunidade Autónoma, xa que se o Estado ten menos diñeiro, pois ao mellor ten que recortar nun museo ou nun avión militar, pero a Comunidade Autónoma o recorta destes servizos. Finalmente lle solicita á concelleira dona Belén Trigo que inste á Xunta de Galicia a corrixir as diferencias de porcentaxes observados.

Suficientemente debatido o asunto da orde do día, sométese a votación, aprobándose por oito votos a favor dos grupos municipais do BNG e PSOE e 3 abstencións do grupo municipal do PP os seguintes ACORDOS:

1. Instar á Xunta de Galiza a:

a) Reforzar a Atención Primaria: Incrementar o orzamento destinado á Primaria ata acadar o 25% do total sanitario, garantindo centros de saúde accesíbeis, con citas sen demora e profesionais suficientes.

b) Garantir a Pediatría: Asegurar a atención pediátrica para todas as crianzas en todos os Concellos.

c) Executar un Plan de Choque que poña en marcha medidas inmediatas contra as listas de espera e asegurar que os hospitais funcionen ao 100%, sen plantas pechadas nin quirófanos baleiros.

d) Dotar de persoal as Urgencias: Garantir que tanto as Urgencias hospitalarias como os Puntos de Atención Continuada (PAC) contén co persoal suficiente de xeito permanente.

e) Implementar un Plan Urxente de Saúde Mental: Dar resposta á crecente demanda deste servizo con recursos públicos suficientes.

f) Rematar coa privatización: Poñer fin ao desvío de recursos públicos cara á sanidade privada e iniciar a recuperación dos servizos privatizados.

g) Manifestar o apoio institucional deste concello á manifestación convocada por SOS Sanidade Pública para o vindeiro domingo 1 de febreiro en Compostela.

2. Dar traslado desta moción á presidencia da Xunta de Galiza, á Consellería de Sanidade, aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza e aos concellos da comarca.

<b>Moción para instar á Xunta de Galiza a implicarse na resolución do conflito do transporte de viaxeiros por estrada da provincia da Coruña</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 8, En contra: 3, Abstencións: 0, Ausentes: 0



## Resolución:

Por dona María Muiño, voceira do grupo municipal do BNG, preséntase a Moción para instar á Xunta de Galiza a implicarse na resolución do conflito do transporte de viaxeiros por estrada da provincia da Coruña.

Sinala dona María Muiño que estamos nunha folga de persoas profesionais do transporte que ven a sinalar o impacto na vida das persoas da problemática que se desenvolve na moción, indicando que o motivo da mesma é sinalar a reivindicación dos traballadores e o impacto na vida das persoas da planificación da mobilidade.

Procede a dar lectura da moción que se anexa á presente Acta.

Intervén don Juan Alberto Rivera, do PSOE, quen sinala que o transporte por estrada é un elemento esencial e vertebrador especialmente no rural, e non pode ser terciarista.

Dona Belén Trigo, voceira do grupo municipal do PP, intervén sinalando que está de acordo en que o servizo de transporte debe ser adecuado pero que considera que o problema de fondo ao que se refire a moción é un desacordo no convenio colectivo, e que a Xunta non ten responsabilidade nin capacidade para decidir neste tema, que como moito poderá mediar e así o ten feito xa, pero non pode obrigar a acadar un acordo. Sinala que a intervención da Xunta cínguese, por exemplo, ao establecemento de servizos mínimos e o control de que se cumpran, pero non ten capacidade nin pode negociar o convenio do sector.

Don Secundino García, Alcalde, sinala que o servizo regular de transporte é unha concesión pública, e que se a empresa concesionaria non cumpre a función encomendada, a Xunta ten capacidade para actuar. Indica que existe, neste campo, un oligopolio porque foi a Xunta precisamente a que así o quixo, arrinconando ás pequenas empresas transportistas, e hai un poder económico e político que apoia esta situación de oligopolio ou case monopolio nalgún caso. Engade que, se os servizos mínimos que se imponen supoñen practicamente a totalidade do servizo, é lóxico que poidan existir incumprimentos, xa que esta decisión pode desnaturalizar a folga, que é un medio lícito de presión dos traballadores.

Suficientemente debatido o asunto da orde do día, sométese a votación e apróbanse por oito votos a favor dos membros dos grupos municipais do BNG e PSOE e tres votos en contra dos membros do grupo municipal do PP os seguintes acordos:

1. Instar á Xunta de Galiza a:

- a) Implicarse activamente na resolución do conflito do transporte de viaxeiros e viaxeiras por estrada da provincia da Coruña, reuníndose coa parte social da mesa de negociación do convenio colectivo.
- b) Dirixirse ás empresas concesionarias do transporte público por estrada, lembrándolles a súa obriga de negociar de boa fe e de garantir condicións laborais dignas nun servizo esencial para a cidadanía.

**Moción de urxencia: moción do BNG para reclamar que se garanta un financiamento xusto e un modelo público do servizo de axuda no fogar**



<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 4, Ausentes: 0

### Resolución:

NOTA: por cuestións sistemáticas, o presente asunto inclúese como punto 7 da orde do día para a súa ubicación dentro do bloque da parte resolutiva do Pleno, si ben temporalmente tivo lugar a continuación da finalización do bloque da actividade de control conforme establece o artigo 91.4 do Real Decreto 2568/1986.

Procédese inicialmente á xustificación da urxencia da inclusión da moción na orde do día, indicándose por dona María Muíño, voceira do grupo municipal do BNG, presentador da moción, que se trata de reclamar que se garanta o modelo de servizo de axuda no fogar ao abeiro do recente acordo na FEGAMP da modificación da financiación, que en realidade non cambia nada.

Apróbase a inclusión do asunto na orde do día por 7 votos a favor dos membros do grupo municipal do BNG, 1 abstención do membro do grupo municipal do PSOE e 3 votos en contra dos membros do grupo municipal do PP.

Dona María Muíño indica que se trata dun texto extenso e explicativo na súa introducción da situación actual do servizo de axuda no fogar. Considera que o modelo da Xunta é de precarización dos servizos públicos e que como se sinala no texto, unha hora de servizo ronda os 24€ de custo, mentres que a financiación por parte da Xunta é de 12€ xa no 2023. Sinala que con estes datos, os Concellos aportan o 50% do custo do servizo, pero debe terse en conta que en realidade é máis, xa que o SAF só se financia polo tempo estricto de prestación do servizo, pero o custo é maior porque existen desprazamentos, tempo de traballo que non se financia.

Sinala que no 2025 a FEGAMP indicou nun informe a situación crítica dos Concellos galegos, que están a asumir máis da metade do custo de prestación do servizo, e como consecuencia a Consellería ofertou unha financiación de 16€/hora para 2028, que foi rexeitada pola FEGAMP e novembro de 2025. A nova oferta foi de 16€/hora para 2026, 17€/hora para 2027 e 18€/hora para 2028; se consideramos que xa hoxe a estimación de custo é de 24€/h de media, estaríamos igualmente nunha situación de infrafinanciación. Sinala que esta última proposta foi aprobada na Executiva da FEGAMP co voto en contra do BNG, xa que esta oferta non cubre o custo do servizo nin no 2028, en que o gasto real de prestación aumentará e quedará igualmente desfasado. Destaca que o BNG rexeita esta oferta porque procura ser consecuente cos principios que defende, e procede a dar lectura da moción que se transcribe:

*MOCIÓN DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PARA RECLAMAR QUE SE GARANTA UN FINANCIAMENTO XUSTO E UN MODELO PÚBLICO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF)*

*O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de San Sadurniño ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate no Pleno da corporación.*

*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*



*O Servizo de Axuda no Fogar (SAF) é unha ferramenta esencial para garantir unha vida digna ás persoas maiores, dependentes ou con dificultades de autonomía, permitindo que poidan continuar vivindo no seu fogar e na súa contorna, evitando situacións de institucionalización innecesarias e favorecendo a cohesión social.*

*En Galiza, o SAF naceu como parte dun modelo público de servizos sociais impulsado durante os anos nos que o Bloque Nacionalista Galego tivo responsabilidades de goberno na Xunta, coa aprobación da Lei de Servizos Sociais e a creación dun sistema baseado na universalidade, na igualdade de dereitos e na responsabilidade pública.*

*Porén, este modelo foi sendo progresivamente deteriorado pola actuación do Partido Popular na Xunta de Galiza, que optou por un sistema de financiamento insuficiente e desequilibrado, trasladando unha parte crecente do custo do servizo aos concellos, que non dispoñen nin das competencias nin dos recursos necesarios para asumir esa carga.*

*Na actualidade, os concellos galegos están a soportar unha maioría do gasto do SAF, superando amplamente os 200 millóns de euros anuais, mentres que a achega da Xunta resulta claramente insuficiente. Esta situación vulnera o marco legal vixente en materia de dependencia, que establece a obriga de garantir o financiamento íntegro do servizo entre a Xunta e o Estado.*

*Os datos económicos confirman este desequilibrio: o investimento por persoa dependente en Galiza sitíase moi por debaixo da media estatal, e o custo real do servizo continúa incrementándose ano tras ano, especialmente nos concellos rurais, con poboación máis envellecida e dispersa.*

*A Xunta de Galiza mantén, ademais, módulos de financiamento moi afastados da realidade. O prezo máximo fixado para a hora do SAF non se corresponde cos custos efectivos das licitacións, que xa superan os 24 euros/hora en moitos concellos. As propostas de incremento presentadas recentemente no seo da FEGAMP, malia seren vendidas como avances, non cobren nin de lonxe o custo real do servizo e obrigan os concellos a continuar asumindo máis da metade do gasto.*

*A este infrafinanciamento estrutural súmase, ademais, un problema relevante de xestión dos pagamentos por parte da Xunta de Galiza que afecta aos concellos co servizo concesionado. Mentres os concellos están obrigados a facer fronte mensualmente ás facturas do Servizo de Axuda no Fogar, con prazos de pagamento que non superan os 30 días, a Xunta liquida a súa achega con carácter trimestral e, nalgúns casos, con atrasos de varios meses respecto ao remate do trimestre correspondente. Este sistema de liquidación e a dilatación nos pagamentos da Xunta obriga os concellos a adiantar recursos propios para garantir a continuidade do servizo, xerando importantes tensións de tesourería, poñendo en risco o equilibrio financeiro municipal e provocando, en moitos casos, un incremento do Período Medio de Pago a provedores, con todas as consecuencias administrativas e económicas que iso implica.*

*Este modelo ten consecuencias directas sobre a calidade do servizo e sobre as condicións laborais das traballadoras do SAF, un sector altamente feminizado que sofre precariedade salarial, un convenio colectivo caducado desde hai máis dunha década e a falta de medidas de prevención de riscos adaptadas á súa realidade laboral.*



*A maiores, os servizos sociais municipais vense saturados por unha xestión cada vez máis complexa, sen que exista un reforzo económico ou de persoal, ao tempo que se incrementan as desigualdades territoriais no acceso ao SAF segundo o tamaño do concello ou a súa localización.*

*O BNG defende que os coidados deben ser un dereito garantido e non un servizo condicionado polo lugar de residencia. Para iso, resulta imprescindible un cambio de rumbo que asegure un financiamento suficiente, estábel e xusto, e que sente as bases dun verdadeiro sistema público galego de atención á dependencia.*

*A Orde do 2 de xuño de 2023 da Xunta fixou o módulo máximo de financiamento do SAF en 12 euros /hora. Asumindo o compromiso de revisar os custes e adaptar á realidade o financiamento, sen que tal revisión se levara nunca a cabo.*

*A Fegamp elaborou informe en 2025 que reflectía a crítica situación dos concellos galegos que están asumindo máis do 50% dos custes deste servizo esencial, pois o custe medio da hora ascendía en 2024 xa a 22 euros hora. E as licitacións de 2025 sitúan xa o custe/hora en máis de 24 euros, coa previsión de que este prezo continúe á alza en vindeiras licitacións.*

*A Consellería, tras unha cativa proposta que contemplaba un financiamento máximo de até 16 euros /hora para o ano 2028, que foi rexeitada pola Comisión Executiva da Fegamp en novembro, polo que realizou unha nova oferta de financiamento por importe de 16 euros/hora para o 2026, 17 euros/hora para 2027 e 18 euros/hora para 2028.*

*Esta proposta foi aceptada pola maioría da Executiva da Fegamp e rexeitada polo BNG por considerala totalmente insuficiente, ao nin tan sequera achegarse a cubrir o custe real do servizo e continuar afogando os concellos galegos.*

*A oferta realizada pola Consellería de Servizos Sociais suporía pasar dos 12 euros/hora que reciben actualmente os concellos a só 16 en 2026, 17 o próximo ano e a 18 euros en 2028, unha proposta moi afastada do custe do servizo, que se sitúa xa hoxe en día nos 24 euros/hora nas últimas licitacións e que, ademais, é practicamente similar, con apenas un lixeiro incremento, á proposta que a Xunta xa realizara anteriormente para o mesmo período 2026-2028.*

*A defensa dos intereses municipais, tanto económicos como competenciais, esixe que as organizacións políticas manteñan con determinación posicionamentos consecuentes e ambiciosos e exerzan tamén de instrumento para cambiar o modelo asistencial das persoas máis vulnerábeis, universalizando os coidados e proporcionando a todas as persoas un servizo digno e de calidade vivan onde vivan.*

*O BNG, consecuente con esta posición, reclama que a Xunta e o Estado abonen aos concellos a cantidade de 17 euros/hora con carácter retroactivo desde xaneiro de 2025, 20 euros/hora neste 2026 e que asuma o 100% dos en 2027, até que se asuma o servizo como un instrumento de benestar social, a través da creación dun organismo que permita atender de xeito integral e eficiente a todas as persoas dependentes a través dun SERGAS para os servizos sociais.*

*É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do BNG somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes*



## ACORDOS

1. Reclamar á Xunta de Galiza e ao goberno do estado un incremento progresivo do financiamento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), até acadar que a Xunta abone aos concellos a cantidade de 17 euros/hora con carácter retroactivo desde xaneiro de 2025, 20 euros/hora neste 2026 e que asuma o 100% dos custes no 2027.

2. Solicitar á Xunta de Galiza que impulse un novo modelo público de coidados, coa creación dun instrumento de benestar social, que substitúa o actual servizo baseado en horas por un modelo integral e personalizado, no que se poña as persoas no centro das políticas sociais, coa creación dun organismo similar ao SERGAS, mais para o servizos sociais, co que poder atender de xeito integral e eficiente a todas as persoas.

3. Dar traslado desta moción á presidencia da Xunta de Galiza, á Consellería de Política Social e Igualdade, ao goberno do estado, á Fegamp, aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza e aos concellos da comarca, convidándoos a aprobar mocións e iniciativas neste mesmo sentido

En San Sadurniño a 29 de xaneiro de 2026

María Muño Filgueira

Voceira do grupo municipal do BNG

Toma a palabra don Juan Alberto Rivera, do PSOE, quen indica que o seu voto será sempre para a defensa de servizos públicos de calidade e que debe intentarse chegar ao 100% da cobertura do custo, e por tanto anuncia o seu voto a favor.

Dona Belén Trigo, voceira do grupo municipal do PP, pregunta sobre qué parte dos 16€/hora para 2026 veñen da Xunta e qué parte veñen do Goberno Central.

Don Secundino García, Alcalde, sinala que o Estado transfíre á Xunta unha parte para atención a dependencia, sen distribuír, con carácter global para SAF, residencias, Xantar na casa... Indica que é consciente de que Galicia está infradotada, e que a Lei de dependencia que se aprobou non estableceu os recursos necesarios para os servizos que establece. Indica que aos Concellos a transferencia lla fai a Xunta, e engade que o acordo adoptado na FEGAMP foi un auténtico chantaxe, xa que a opción era aceptar estes 18€/hora para 2028 ou quedar cos 12€/hora actuais. Indica que hai que reclamar ao Estado o que lle corresponde á Xunta, pero iso non quita para que a Xunta teña que darlle aos Concellos o que lles corresponde tamén.

Indica que o Estado aumentou a dotación a dependencia, pero a Xunta non reflectiu dita suba na aportación aos Concellos, cando os concellos son a primeira liña, o lugar a onde acude a xente. Destaca tamén que o importe de 24€/hora está calculado como media, pero que no rural é máis, e se se trata dunha prestación directa polo Concello, como é o caso de San Sadurniño, aínda se incrementa, pois a Xunta non paga desprazamentos, que nun municipio rural e disperso son moito máis que en cidade. Sinala que os grandes concellos teñen o servizo privatizado, que é máis barato, pero que actualmente se está a negociar o convenio do sector e que previsiblemente aumentarán os gastos salariais, xa que é un sector moi precarizado e lóxicamente ten que aumentarse este gasto por unha

cuestión de dignificación, pero a consecuencia será que os concellos irán aínda máis afogados. Conclúe sinalando que, en realidade, todo ven do Estado, xa que é o modelo de financiación establecido, o Estado recada e logo reparte segundo se establece ou incluso considera, e que a Xunta ten poucos impostos propios de recadación directa.

Dona María Muiño sinala que no pode dar o dato da porcentaxe que supón aportación da Xunta de Galicia e aportación do Estado porque non o ten nin se sabe realmente, pero que o relato que se mantén dende a Xunta é que o Estado non cumpre co seu 50% que lle corresponde no prezo que se lle paga aos concellos, polo que o único que se pode afirmar é que a aportación do Estado non chega ao 50%, pero tampouco se sabe qué porcentaxe aporta dos 12€/hora actuais. Non obstante, o que sí se pode afirmar é que non se está a financiar máis do 50% do servizo, porque quen está aportando máis do 50% son os concellos, e non todos teñen a mesma realidade nin a mesma capacidade, o que en definitiva xenera desigualdade dende o momento en que os recursos varían en función do concello e, polo tanto, en función de onde vivan os cidadáns. Reclama que a Xunta está a racanear o importe da aportación por hora traballada, cando se paga exclusivamente o tempo dende que a auxiliar entra ata que sae pola porta do domicilio, pero os concellos pagan máis de iso, pagan o desprazamento entre domicilios, que ninguén contempla a posibilidade de que teña que financiarse tamén. Refire que o convenio da empresa privada é moi precario e o servizo ten actualmente unha tensión que pon en perigo a atención das persoas, e que o que se propón na moción é un incremento progresivo ata acadar un 100% de cobertura e a creación dun ente público que garanta que o servizo público se presta con independencia de onde resida o usuario. Reflexiona neste punto que a Xunta recibe unha transferencia de recursos e debe analizarse onde se gasta, xa que non se usa para fortalecer o servizo, e plantexa a necesidade de revisar o modelo, pois actualmente a prestación baséase na consideración dun cheque de cobertura parcial que ten que complementarse para cubrir o custe do servizo, e iso é crear desigualdade, e o situación é que a dependencia está cada vez máis precarizada e privatizada.

Dona Belén Trigo pregunta canto costa unha hora de SAF en San Sadurniño, se son 24€.

Don Secundino García resposta que máis.

Dona Belén Trigo pregunta se ese é o custe de hora ordinaria, que canto son as horas extraordinarias.

Don Secundino García indica que en San Sadurniño non hai horas extraordinarias de SAF.

Dona Belén Trigo pregunta entón cómo se pagan os servizos que se prestan en sábado ou domingo.

Don Secundino García resposta que a xornada do persoal do SAF é de luns a domingo, non son prestacións extraordinarias. Explica que existe un tanto de horas á semana e que estas se distribuen ao longo dos sete días da semana, sendo que as extraordinarias serían a maiores das horas semanais e que iso non existe en San Sadurniño, xa que de feito a problemática soe ser a contraria, que se faga de menos debido a falecementos ou ingresos hospitalarios dos usuarios.

Dona María Muiño explica que se trata dun servizo de prestación diario, de luns a domingo, como ocorre noutros servizos como hospitais, residencias...

Dona Belén Trigo pregunta se a xornada máxima semanal que se presta en San Sadurniño polo persoal do SAF é de 24 horas.



Don Secundino García sinala que non, que son 30 na maioría do persoal.

Dona María Muíño puntualiza que neste servizo o sábado e o domingo son días laborables, referindo que hai tempo se establecera no caso de SAF de libre concorrncia a prestación de luns a venres, pero que a prestación de dependencia obriga a que sexa de luns a domingo.

Don Secundino García intervén sinalando que o custo de 24€/horas é unha media das licitacións últimas, dos servizos que están externalizados, fundamentalmente os grandes concellos, xa que os pequenos teñen incluso dificultades se queren licitar o servizo porque soen ter moita dispersión poblacional e hai pouco interese por parte das empresas.

Finalizado o debate, sométese a votación plenaria a moción, que se aproba por 7 votos a favor dos membros do grupo municipal do BNG e 4 abstencións dos grupos municipais do PP e PSOE, cos seguintes acordos:

1. Reclamar á Xunta de Galiza e ao goberno do estado un incremento progresivo do financiamento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), até acadar que a Xunta abone aos concellos a cantidade de 17 euros /hora con carácter retroactivo desde xaneiro de 2025, 20 euros/hora neste 2026 e que asuma o 100% dos custes no 2027.
2. Solicitar á Xunta de Galiza que impulse un novo modelo público de coidados, coa creación dun instrumento de benestar social, que substitúa o actual servizo baseado en horas por un modelo integral e personalizado, no que se poña as persoas no centro das políticas sociais, coa creación dun organismo similar ao SERGAS, mais para o servizos sociais, co que poder atender de xeito integral e eficiente a todas as persoas.
3. Dar traslado desta moción á presidencia da Xunta de Galiza, á Consellería de Política Social e Igualdade, ao goberno do estado, á Fegamp, aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza e aos concellos da comarca, convidándoos a aprobar mocións e iniciativas neste mesmo sentido

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

### Dación de conta Decretos de Alcaldía de 546/2025 a 27/2026

Non se producen intervencións

### Dación de conta rendición PMP 4T2025, Morosidade 2025

Non se producen intervencións

## C) ROGOS E PREGUNTAS

### Rogos e preguntas



Intervén don **Juan Alberto Rivera**, do PSOE, quen indica que recentemente tróuxose ao Pleno unha moción sobre un servizo de tren de calidade para a comarca, e recentemente estivo parado o tren Ferrol-Oviedo por peche da vía, o que implica moitos problemas para esta zona, polo que **roga** se siga na senda da moción que se aprobou no Pleno en defensa do tren.

Intervén don **Jose Luis Hermida**, do grupo municipal do PP, quen **pregunta** se é normal cobrar as fotocopias da documentación do Pleno, indicando que se achegou ás oficinas municipais a pedir que lle imprimiran a documentación porque non podía acceder á documentación do último pleno extraordinario, e se lle indicou que se lle tiñan que cobrar, e considera que él non ten por qué ter ordenador nin teléfono e que se lle debe facilitar a documentación en papel.

Don Secundino García, Alcalde, resposta que, como concelleiro, está obrigado a relacionarse electrónicamente coa Administración, como ocorre con outros suxeitos, e que o custe de cada copia está establecido nunha Ordenanza Municipal.

Don Jose Luis Hermida menciona a Lei 19/2013, de acceso á información, sinalando que na mesma se establece o dereito de todo interesado a obter documentación da Administración.

Intervén dona Olalla Alvarez de Neyra, Secretaria-Interventora do Concello, quen indica que coñece perfectamente esa Lei e que, efectivamente, establece o dereito de obtención de copias de calquera interesado, pero non establece, e de feito non é, un dereito gratuito.

Don Jose Luis Hermida sinala que non lle parece normal que por un momento puntual que o concelleiro non pode acceder á información e sendo documentación para o Pleno, se lle cobre.

Don Secundino García resposta que, sendo o Sr. concelleiro unha persoa que ten superada a fenda dixital, se non ten ordenador na súa casa ou non pode acceder dende él, lle insta a utilizar un dos que están dispoñibles a calquera usuario na Aula CeMIT do Concello.

Don Jose Luis Hermida agradece a disposición pero sinala que non é o caso.

Don Secundino García indica que os cargos públicos deben dar exemplo na era da comunicación electrónica.

Don **Jose Luis Hermida**, do grupo municipal do PP, **pregunta** sobre as farolasda pista da depuradora, indicando que xa preguntou hai dous meses no pleno e seguen sen funcionar, e pregunta se os concelleiros do equipo de goberno, que teñen acceso ao Liña Verde, non teñen coñecemento de que se teña avisado desta circunstancia.

Don Secundino García resposta que esa pregunta foi xa contestada no pleno anterior, sobre a existencia de pequenos problemas de cortes temporais nalgunhas liñas de alumeadado público.

Don Jose Luis Hermida puntualiza que fala da pista da depuradora, non de Cornide.

Don Secundino García indica que se comprobará, pero que en todo caso o alumeadado desa pista vaise cambiar próximamente.

Don Jose Luis Hermida referencia que se trata dunha ponte estreita e sen luz é perigosa.

Don Secundino García manifesta que, en todo caso, é un tramo sen vivendas.

Don Jose Luis Hermida sinala que hai xente que vai andar por alí e na ponte só cabe un vehículo.

Dona **Esther Díaz**, do grupo municipal do PP, indica que na páxina web do Concello figura a licitación recente do POS adicional 2 dun camiño na Castiñeira onde figuran os metros a facer na Castiñeira e na Esperanza, pero observa que no POS complementario que se trae a este Pleno tamén vai a pista na



Castiñeira e na Esperanza, pero outro tramo. **Pregunta** sobre esta cuestión, xa que na Comisión o concelleiro de obras dixo que ían tramos distintos e, como non ten os proxectos, que sí os ten a voceira do grupo, indicando que espera que fixera as copias na súa casa e non supuxeran gasto para as arcas municipais, pregunta se efectivamente son os mesmos camiños pero actúase en diferente lugar.

Don Secundino García, alcalde, resposta que o tramo que vai no POS é diferente do que foi no complementario.

Dona Esther Díaz pregunta se non é máis operativo e eficaz licitar todas as actuacións xuntas cando son nun mesmo camiño.

Don Secundino García resposta que no POS adicional os fondos vanse habilitando ao longo do ano, sendo que non se sabe a priori cando e canto vai sair. No caso do POS adicional 2 quedou un remanente pequeno duns 20.000 euros e o Concello presentou un proxecto tamén pequeno co mínimo de 30.000 que se esixe e, no POS deste ano, completáranse as actuacións sobre este camiño.

Dona Esther Díaz considera que, en conclusión, vaise actuar no mesmo sitio dúas veces en dous anos ou cuns meses de diferenza de tempo.

Don Secundino García indica que non necesariamente, xa que dependendo do tempo das licitacións é posible que se actúe ao mesmo tempo.

Dona **Esther Díaz**, do grupo municipal do PP, **pregunta** cando se vai devolver o 10% cobrado erróneamente de mais no recibo do lixo.

Dona Olalla Alvarez de Neyra, Secretaria-Interventora do Concello, indica que non cre que tarde moito xa que precisamente nesta mesma semana remitiu ela a resolución e documentación á Deputación, xa que aínda se obtiveron números de conta neste mes de xaneiro.

Dona Esther Díaz indica que, por tanto, a explicación é que se estivo esperando a que viñera o último e agora xa os temos todos.

Dona Olalla Alvarez de Neyra sinala que precisamente no último pleno ou comisión se plantexou qué pasaba coa xente que non tivera noticia desta cuestión e cómo se chegaría a devolver a todo o mundo e se indicou que se puntearían todos os recibos para poder o número de conta de todos os afectados. Explica que as devolucións non se poden facer de forma aillada, débese realizar un totalizador e remitir todo xunto, xa que a Deputación fai remesas e non acepta que se vaian indicando alternativamente.

Dona Esther Díaz pregunta se xa están todos, se xa se contactou con todos os veciños.

Dona Olalla Alvarez de Neyra indica que non se contactou con todos, punteáronse todos os recibos, que non foi ela quen levou a cabo este traballo pero sabe que a funcionaria que o levou a cabo o fixo. Indica que os domiciliados non necesitaban aportar nada e, no caso dos non domiciliados, nalgúns casos trouxeron o número de conta e noutros o Concello coñecía xa ese número.

Don Secundino García sinala que, por exemplo, él non presentou solicitude ningunha, indicándose pola Sra. Secretaria que o Concello ten o seu número de conta, polo que non é necesario que o aporte.

Dona Esther Díaz indica que coñece xente que non presentou solicitude e no Pleno estase afirmando que xa se ten a información de todos, e non se está dicindo a verdade porque hai xente que non o fixo nin ten pensado facelo, co que conclúe que non serán o 100% dos veciños os que recuperen o diñeiro.

A Secretaria-Interventora indica que o Concello coñece números de conta por estar no seu poder, non sendo necesario que o particular o aporte.

Dona Esther Díaz pregunta se iso non viola a protección de datos.

A Secretaria-Interventora resposta que cando se presenta un documento no Concello e se aporta



información, no propio documento de presentación aparece o texto de cesión de datos, que tamén figura na información ao efecto da páxina web, pola que o Concello queda autorizado a utilizar eses datos dentro dos seus trámites propios.

Dona **Belén Trigo**, do grupo municipal do PP, **pregunta** qué medidas ou políticas de vivenda ten pensado o equipo de goberno, que leva 18 anos gobernando, para que a xente nova se quede no Concello.

Don Secundino García, Alcalde, resposta que as políticas de vivenda que se veñen aplicando no Concello de San Sadurniño son as da Xunta de Galicia porque é a que ten a competencia en vivenda, recordando que no tempo do ministro Montoro ditouse unha lei que prohibía aos Concellos exercer competencias non propias. Indica que se aplican por tanto as políticas da Xunta, que son cero, e que como viron que non daba resultado, dentro do pequenísimo marxe que ten o Concello adoptáronse medidas como a bonificación do ICIO para a rehabilitación de vivendas que vai dende o 50 ao 95 por cento segundo o caso. Puntualiza que non é algo determinante, pero axuda, e lembra que ditas bonificacións foron votadas en contra polo PP no seu momento.

Dona Belén Trigo pregunta pola posibilidade de executar vivendas sociais.

Don Secundino García resposta que non é competencia do Concello, que de feito anunciouse por Rueda a construción de 40 ou 45 vivendas. Sinala que o BNG leva 18 anos en San Sadurniño, pero que o PP, salvo un par de excepcións como o bipartito, xunto cos seus antepasados, levan dende o 36.

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



**ÍNDICE DE ANEXOS ACTA PLN/2026/2**

**A) PARTE RESOLUTIVA**

1. Expediente 8/2026. Rúa Rosalia de Castro

- Anexo 1. Memoria de alcaldía



## Concello de San Sadurniño

**Expediente núm.:** 8/2026

**Procedemento:** Denominación vía pública


**Tipo de Informe:** Borrador  Provisional  Definitivo

### MEMORIA DE ALCALDÍA

En relación á denominación da actual rúa “C” (sen denominación segundo catastro) como “Rúa de Rosalía de Castro”, emito o seguinte

### INFORME

**PRIMEIRO.** O espazo ao que se refire o presente expediente é a vía pública que se amosa nos seguintes planos, onde pode observarse o trazado continuo da estrada, de dobre sentido, e a súa ubicación vai dende o entronque coa Avenida Marqués de Figueroa ata a rotonda que a une coa Rúa Castelao, sendo que a mesma discorre polo lateral do CPI de San Sadurniño e do Pavillón Municipal. A superficie lineal é de, aproximadamente, 133 metros.



## Concello de San Sadurniño

---

**SEGUNDO.** As razóns que fundamentan o establecemento da denominación da vía pública están suficientemente xustificadas por:

- a) En primeiro lugar, a necesidade dunha denominación oficial ou determinada de dito espazo, que actualmente ven dada pola denominación xenérica “C” derivada da urbanización, no seu momento, da zona, mais non considerada nunca como denominación oficial aprobada polo Concello.
- b) Existe unha continuidade lóxica do trazado con dobre sentido de circulación, que implica a necesidade de tránsito íntegro de ambos treitos por vehículos motorizados, sendo que nun sentido da continuidade á Rúa Castelao e, noutro, permite o seu percorrido exclusivo dende a Avenida Marqués de Figueroa para regresar pola mesma a través do cambio de sentido na rotonda existente.
- c) A proposta de dedicar un espazo no noso rueiro a Rosalía de Castro (1837-1885) responde á necesidade de honrar ao máximo referente da nación galega. Nomeala en San Sadurniño é un compromiso cos valores de dignidade, feminismo e xustiza social que ela representou, e dá cumprimento ao noso Plan de Igualdade, que recolle a inclusión de nomes de referentes femininos nos espazos públicos.

Rosalía é a figura determinante do Rexurdimento. Coa publicación de Cantares Gallegos en 1863, realizou un acto de rebeldía sen precedentes ao devolverlle ao galego o seu orgullo. Nun tempo no que o noso idioma era desprezado, ela converteuno nunha lingua de cultura e prestixio universal, demostrando que a nosa voz ten a mesma dignidade que calquera outra.

A súa figura é tamén o berce do noso feminismo. Moito antes dos movementos organizados, Rosalía defendeu a soberanía e autonomía intelectual da muller: "Jamás dejó de vibrar en mi alma el grito de libertad que es el de la mujer". Foi pioneira ao visibilizar ás "viúvas de vivos", situando a experiencia feminina no centro político da nosa historia. Cun compromiso ético inquebrantable, Rosalía foi unha poeta social que deu voz aos desposeídos e denunciou a explotación do campesiñado e a dor da emigración. Esta dimensión humana e a súa calidade literaria elévana, por dereito propio, á categoría de figura da literatura universal.

Nomear unha rúa como Rosalía de Castro en San Sadurniño é unha homenaxe á muller que nos ensinou a amarnos como pobo. A súa memoria no rueiro garantirá que o seu exemplo de rebeldía, intelixencia e compromiso coa terra sigan vixentes.

### DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE





## MOCIÓN PARA A DEFENSA E RECUPERACIÓN DA SANIDADE PÚBLICA GALEGA

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de San Sadurniño, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate no Pleno da corporación.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sanidade pública galega atravesa unha situación crítica que non é casual nin inevitábel, senón o resultado dun desmantelamento planificado tras 17 anos de deterioración deliberada por parte do Goberno do PP. A Xunta de Galiza incumpriu a súa obriga de prever, organizar e investir, optando por un modelo que expulsa os profesionais e desprotexe a cidadanía.

A gravidade da situación susténtase nos seguintes feitos:

- Falta de planificación: Non se planificaron as xubilacións nin se cubriron as vacantes de persoal médico, pediátrico e de enfermaría.
- Precariedade laboral: A normalización da non substitución de baixas e o uso de contratos precarios sobrecargan o persoal con cupos imposíbeis.
- Colapso asistencial: Existen semanas de espera para unha cita en atención primaria, urxencias colapsadas, PACs sen persoal médico e máis de 200 concellos sen pediatra.
- Listas de agarda: Actualmente hai máis de 360.000 persoas agardando por atención sanitaria en Galiza.
- Desvío de fondos: Mentres se recortaron máis de 1.600 millóns en atención primaria, desviáronse máis de 261 millóns á privada, o que provocou un aumento do 166% nos seguros privados.
- Esta situación afecta especialmente ás persoas máis vulnerábeis: maiores, doentes crónicos e persoas con problemas de saúde mental ou enfermidades graves como o cancro.



- No noso concello vemos como é frecuente non contar coas dúas persoas profesionais da medicina no noso centro de saúde, ou mesmo non contar con ningunha e pasando as quendas de consulta para a tarde. Tampouco se cubren as vacacións de enfermeiría ou de pediatría, quedando estes servicios vacantes e polo tanto con impacto na atención que poden recibir as veciñas e veciños.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do BNG somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes

## ACORDOS

### 1. Instar á Xunta de Galiza a:

- a) Reforzar a Atención Primaria: Incrementar o orzamento destinado á Primaria ata acadar o 25% do total sanitario, garantindo centros de saúde accesíbeis, con citas sen demora e profesionais suficientes.
- b) Garantir a Pediatría: Asegurar a atención pediátrica para todas as crianzas en todos os concellos.
- c) Executar un Plan de Choque que poña en marcha medidas inmediatas contra as listas de espera e asegurar que os hospitais funcionen ao 100%, sen plantas pechadas nin quirófanos baleiros.
- d) Dotar de persoal as Urgencias: Garantir que tanto as Urgencias hospitalarias como os Puntos de Atención Continuada (PAC) contén co persoal suficiente de xeito permanente.
- e) Implementar un Plan Urxente de Saúde Mental: Dar resposta á crecente demanda deste servizo con recursos públicos suficientes.
- f) Rematar coa privatización: Poñer fin ao desvío de recursos públicos cara á sanidade privada e iniciar a recuperación dos servizos privatizados.
- g) Manifestar o apoio institucional deste concello á manifestación convocada por SOS Sanidade Pública para o vindeiro domingo 1 de febreiro en Compostela.

**2. Dar traslado desta moción á presidencia da Xunta de Galiza, á Consellería de Sanidade, aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza e aos concellos da comarca.**

En San Sadurniño, 26 de xaneiro de 2026





María Muíño Filgueira  
Portavoz municipal do BNG





Cod. Validación: 95X4AEY5F23H6WGLAJ6ADZQH4  
Corrección: <https://santadunino.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 29 a 31



## **Moción para instar á Xunta de Galiza a implicarse na resolución do conflito do transporte de viaxeiros por estrada da provincia da Coruña**

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de San Sadurniño, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate no Pleno da corporación.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

O transporte público por estrada é un servizo esencial para a cidadanía, especialmente nun país cunha estrutura territorial como a galega, no que milleiros de persoas dependen diariamente deste servizo para acceder ao traballo, aos centros educativos, sanitarios e a outros servizos básicos.

Na provincia da Coruña, o sector do transporte de viaxeiros e viaxeiras por estrada atópase inmerso nun grave conflito laboral derivado do bloqueo da negociación do seu convenio colectivo, que afecta a arredor de 3.000 persoas traballadoras e á práctica totalidade das empresas do sector. O convenio leva catro anos caducado, e non recolle avances normativos básicos en materia de conciliación, control horario ou dereitos laborais, nin garante incrementos salariais dignos nin cláusulas de revisión ligadas ao IPC.

Esta situación derivou na convocatoria de varias xornadas de folga, con estacións de autobuses practicamente paralizadas e milleiros de persoas usuarias gravemente afectadas, poñendo en risco a prestación dun servizo público esencial.

Cómpre salientar que a Xunta de Galiza ten unha responsabilidade directa nesta situación, tanto polo seu papel como principal contratista e reguladora do transporte público por estrada, como pola política desenvolvida nos últimos anos, que favoreceu a concentración do sector en mans de grandes grupos empresariais, condicionando de maneira decisiva a negociación colectiva.

A política de mobilidade da Xunta de Galiza do Partido Popular consistiu en desmantelar o sector promovendo a desaparición de numerosas pequenas empresas e a concentración de todos os contratos nas mans de apenas tres grandes empresas, cunha preferencia pública e notoria por Monbus, que ten practicamente o monopolio do sector. E ste monopolio ten o seu reflexo na composición da mesa de negociación do convenio, cunha patronal totalmente condicionada pola vontade e as directrices de Monbus.

A pasividade da Xunta fronte ao bloqueo patronal, así como a súa negativa a exercer un papel activo como autoridade laboral e como administración responsábel da garantía do servizo, está contribuíndo a prolongar un conflito que prexudica tanto ás persoas traballadoras como á cidadanía en xeral.



Por todo o exposto con anterioridade, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción do seguinte

## ACORDO

### 1. Instar á Xunta de Galiza a:

- a) Implicarse activamente na resolución do conflito do transporte de viaxeiros e viaxeiras por estrada da provincia da Coruña, reuníndose coa parte social da mesa de negociación do convenio colectivo.
- b) Dirixirse ás empresas concesionarias do transporte público por estrada, lembrándolles a súa obriga de negociar de boa fe e de garantir condicións laborais dignas nun servizo esencial para a cidadanía.

En San Sadurniño a 26 de xaneiro de 2026

María Muíño Filgueira

Portavoz Municipal do BNG

